

# O Adxectivo

Os adxectivos expresan características dos substantivos aos que acompañan ou aos que se refiren.

## 1. Concordancia

- O xénero e número do adxectivo depende do substantivo (a *árbore alta*, os *montes altos*).
- Cando un adxectivo vai acompañando a dous ou máis substantivos, o adxectivo anteposto concorda en xénero co substantivo que ten máis próximo: *Fíxoo coa acostumada delicadeza e cariño*.
- Se un adxectivo fai referencia a dous ou máis substantivos do mesmo xénero, o adxectivo concorda con eles en plural: *Unha saia e unha blusa brancas*.
- Se os adxectivos van pospostos e os substantivos teñen diferentes xéneros, sempre irán en masculino: *Ten a habitación e o salón moi sucios*.

## 2. Semántica do adxectivo: adxectivos relacionais/ cualificativos e adxectivos especificativos/ explicativos

### Adxectivos relacionais e adxectivos cualificativos

- Os adxectivos relacionais expresan unha característica do substantivo en relación a un grupo, e derivan normalmente de substantivos: *ovino, metálico, novelístico, alimenticio, familiar, persoal*.  
Equivalen polo xeral a 'de + substantivo base da derivación': *metálico* 'de metal', **municipal** 'do municipio'. Nunca se sitúan antes do substantivo. *Un bando municipal* non un \* *municipal bando*
- Os adxectivos cualificativos serven para caracterizar o substantivo. Poden ocupar as dúas posicións. *Un día marabilloso* - *un marabilloso día*.

Un mesmo adxectivo pode ser relacional ou cualificativo con distintos significados:

*Un día festivo* = 'un día de festa, non laborable'

*Un día festivo/un festivo día* = 'un día alegre'

Se atendemos á forma de modificar o substantivo, distinguimos dúas clases de adxectivos: os especificativos e os explicativos.

- Son **adxectivos especificativos** os que expresan calidades que definen e limitan os substantivos.

*catedral románica*                      *produtos químicos*

- Son **adxectivos explicativos** ou **epítetos** os que designan unha calidade propia do substantivo ao que se refiren, e daquela non limitan a súa extensión nin restrinxen o seu significado.

*frío xeo*                                      *sangue vermello*

### 3. Morfoloxía do adxectivo

#### 3.1. Xénero e Número

**Número:** seguen as mesmas regras de formación do plural que estudamos para os substantivos (*ruín-ruíns, veloz-veloces, infantil-infantís*), pero atopamos tamén adxectivos invariables rematados en "-s": *medicas, chafullas*.

**Xénero:** Podemos distinguir dous tipos:

- Adxectivos que posúen unha única forma para masculino e feminino:  
*breve, veloz, azul, superior...*
- Adxectivos cunha forma para o masculino e outra para o feminino que, á súa vez, presentan diferentes morfemas para cada un dos xéneros. A formación do xénero dos adxectivos segue as mesmas pautas que explicamos ao falarmos dos substantivos.

#### 3.2. A gradación do adxectivo. A comparación

O adxectivo pode presentar tres graos, de acordo coa idea de comparación que establece entre os termos que relaciona.

##### A. Os graos

- **Grao positivo:** Expresa unha calidade sen comparala nin intensificala:  
*Xulián sempre foi mentireiro, Debedes usar papel reciclado.*
- **Grao comparativo:** Compara a calidade atribuída a un elemento en relación a outro(s) termo(s) que tamén a posúe(n). Pode ser:
  - **Comparativo de igualdade,** cando a calidade a posúen os diferentes termos no mesmo grao: *Xulián é tan mentireiro como André.*
  - **Comparativo de inferioridade,** cando un dos termos posúe a calidade en menor grao: *Xulián é menos mentireiro que André.*

- **Comparativo de superioridade**, un dos termos posúea en maior grao: *Xulián é máis mentireiro que André.*

■ **Grao superlativo**, a calidade indícase no seu grao máximo ou mínimo. Atopamos dous tipos de superlativos:

- a) **Superlativo absoluto**, se a calidade expresada se presenta no seu grao máximo sen establecer comparación (É moi mentireiro, É malísimo).

Existen dúas formas diferentes de crear este superlativo:

• Forma sintética:

- ✓ Sufixos "-ísimo-a", "-érrimo-a" (boísimo, celeberrima).
- ✓ Sufixos "iño", "ón" (baixiña, pedichón). **Olo!!!**: estes sufixos diminutivos e aumentativos non sempre teñen valor superlativo
- ✓ Prefixos "super", "hiper", "ultra", "arqui/archi", "requete"
- ✓ Tamén atopamos restos das formas do latín: máximo, supremo, ínfimo; e superlativos creados mediante a unión de prefixos aos adxectivos (hipercrítico, extrafino).

• Forma analítica:

- ✓ mediante a unión ao adxectivo en grao positivo de determinados adverbios: Está moi gastado, Está sumamente gastado, É ben novo.
- ✓ Tamén pode facerse mediante a repetición do adxectivo en positivo: É bo, bo.  
Os superlativos en "-ísimo" ou "-érrimo" teñen maior forza que a forma analítica con "moi": É un personaxe celeberrimo / moi célebre.

- b) **Superlativo relativo**, destácase a calidade no seu grao máximo ou mínimo dentro dun conxunto: Elisa é a máis nova da clase, Aser foi o menos sancionado do equipo.

As construcións comparativas e o superlativo relativo constan de dúas partes que presentan a seguinte estrutura e os seguintes elementos de unión:

|                             |                                                                                                                                                                                                            |
|-----------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Igualdade</b>            | tan, tanto (de) así + ADXECTIVO + como<br>de, igual (de)<br><i>É tan alta coma ti, Chegou tan cansa como todos os días.</i>                                                                                |
| <b>Inferioridade</b>        | menos + ADXECTIVO + que, ca, do que<br><i>É menos difícil do que pensaba, A construción da casa está menos adiantada que a do edificio, A túa nena é menos inquieta ca ti.</i>                             |
| <b>Superioridade</b>        | máis + ADXECTIVO + que, ca, do que<br><i>A frauta é un instrumento máis agudo que a tuba, Ti es maior ca min, A película foi máis aburrida do que esperabamos todos.</i>                                   |
| <b>Superlativo relativo</b> | Artigo + comparativo (superioridade ou inferioridade) + de / entre + 2º termo (grupo)<br><i>Francisco é o máis vello da clase, Esta película foi a menos interesante entre todas as que levamos visto.</i> |

## B. Uso das conxuncións comparativas

|                    | <b>Pronomes tónicos</b>                                                  | <b>2º Termo: verbo ou cláusula</b>                                                                                          | <b>Resto dos casos</b>                                                                                                                                |
|--------------------|--------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Obrigatorio</b> | <b>coma/ca</b><br><i>-É tan bo coma ti</i><br><i>-Chegou antes ca ti</i> | <b>como/do que</b><br><i>-Todo resultou tan divertido como esperabamos.</i><br><i>-Non era máis grande do que pensabas.</i> |                                                                                                                                                       |
| <b>Optativo</b>    |                                                                          |                                                                                                                             | <b>coma/como</b><br><i>-É tan alto coma o seu irmán.</i><br><i>-É tan alto como o seu pai.</i><br><b>que/ca</b><br><i>-É máis alto que o seu pai.</i> |

|  |  |  |                              |
|--|--|--|------------------------------|
|  |  |  | -É máis alto ca o seu irmán. |
|--|--|--|------------------------------|

**Coma** e **ca** deben usarse sempre antes de pronomes persoais tónicos:

É tan bo coma ti, Chegou antes ca ti.

Como e do que son obrigatorios cando o segundo termo é un verbo ou cláusula: Todo resultou tan divertido como esperabamos, Non era máis grande do que pensabas.

Nos demais casos podemos usar calquera das formas indistintamente:

É maior ca / do que Luís, Bebe tanto zume coma / como leite.

■ **As formas irregulares:** Existen unha serie de formas sintéticas que proceden do latín:

| Grao positivo | Grao comparativo | Grao superlativo |
|---------------|------------------|------------------|
| bo            | mellor           | óptimo           |
| malo          | peor             | pésimo           |
| grande        | maior            | máximo           |
| pequeno       | menor            | mínimo           |
| alto          | superior         | supremo          |
| baixo         | inferior         | ínfimo           |

### 3.3. O apócope do adxectivo

Existen tres adxectivos que poden apocopar: *grande*, *santo* e *malo*.

- **Grande/Gran**

Prodúcese apócope (*gran*) cando vai anteposto a un substantivo singular masculino/feminino que comeza por consoante.

Exemplos: A noticia aparecía cun **gran** titular

Foi unha **gran** velada

Se o substantivo comeza por vogal ou está en plural, usarase a forma plena *grande*.

Exemplos: É un **grande** esforzo!

A noticia aparecía con **grandes** titulares.

- **Santo/San**

**San** débese empregar diante dos nomes propios que comezan por consoante (San Bieito), mentres que **santo/a** débemolo empregar diante dos nomes que comezan por vogal e diante da palabra **Cristo** (Santa Ana).

- **Mal /Malo**

Úsase o apócope mal cando precede a substantivos masculinos singulares.

Exemplo: Deu mal exemplo para o seu fillo.

## APÉNDICE

### OS XENTILICIOS

O **xentilicio** é un adxectivo relativo sobre todo ó lugar de nacemento.

Os principais sufixos para a formación léxica dos xentilicios son:

- *-ense (m. e f.):* LUCENSE, CANADENSE, ALLARICENSE (*moi habitual*)
- *-és / esa:* LUGUÉS(A), SANTIAGUÉS(A), CHINÉS (A), DINAMARQUÉS(A), FIN(LAND)ÉS(A), WALONÉS(A) (*o máis común*)
- *-ano / -ana:* VATICANO/A, VENEZOLANO/A, CANADIANO/A, ANGOLANO/A, MOZAMBICANO/A (*en cultismos*)
- *-án / -á:* COMPOSTELÁN / COMPOSTELÁ (*en patrimoniais occidentais*)
- *-ao / -á:* RIBEIRAO/RIBEIRÁ (*en patrimoniais orientais*)
- *-án / -á:* ALEMÁ(N) (*en patrimoniais centrais*)
- *-eno / -ena:* CHILENO/A
- *-eño / -eña:* MADRILEÑO/A, ALBACETEÑO/A, SANTIAGUEÑO/A, PANAMEÑO/A (*insólito*)

- -iano / -iana: IRANIANO, PAKISTANIANO, ISRAELIANO (*terminación culta para os xentilicios non históricos ou habituais na lingua galega*)
- -ino / -ina: ALACANTINO/A, BARCELONINO/A, BILBAÍNO/A, SANTIAGUINO/A, ARXENTINO/A
- -ón / -oa: BRETÓN/OA, WALÓN/OA (*insólito*)
- -ático / -ática: ASIÁTICO/A (*insólito*)
- -ita (m. e f.): VIETNAMITA (*insólito*)
- -al (m. e f.): PROVENZAL (*insólito*)
- -ol / -ola: ESPAÑOL(A), MONGOL(A) (*insólito*)
- -o / -a: POLACO/A, CHECO/A, ESLOVENO/A, CANARIO/A (*posiblemente por derivación regresiva de lugares rematados en -IA(S)*); URUGUAIO/A; SUÍZO/A, SUECO/A, SARDO/A, CORSO/A
- -ún(o) / -una: EUSKALDÚN(A), BATASUNO/A (*de orixe vasca, non é propia da lingua galega, introducido por Medios de Comunicación incorrectamente.*)
- -arra (m. e f.): DONOSTIARRA (*de orixe vasca, non é propio da lingua galega. "Donostiarra" é a única palabra aceptada por motivos tradicionais recentes. Non se dí "bilbotarra, irundarra, eibotarra...", existen as terminacións propias de orixe latina.*)
- -ar (m. e f.): BALEAR, INSULAR
- -eiro / -eira: SANTIAGUEIRO/A, BRASILEIRO/A, PAMPEIRO/A (*adaptación de castelanismos sudamericanos*)
- -asco(n) / -asc(on)a: VASCO/A, MONEGASCO/A, GASCÓN(A) (*de orixe francomeridional*)

| Concellos     | Xentilicios                  |
|---------------|------------------------------|
| AGOLADA       | agoladés, agoladesa          |
| ARBO          | o/a arbense                  |
| BAIONA        | baionés, baionesa            |
| BARRO         | barrés,barresa; o/a barrense |
| BUEU          |                              |
| CALDAS        | o/a caldense                 |
| CAMBADOS      | cambadés, cambadesa          |
| CAMPO LAMEIRO | campolameirán, campolameirá  |
| CANGAS        | cangués, canguesa            |
| CAÑIZA, A     | o/a cañicense                |
| CATOIRA       | o/a catoirense               |
| CERDEDO       | o/a cerdedense               |
| COTOBADÉ      | cotobadés, cotobadesa        |
| COVELO, O     | o/a covelense                |
| CRECENTE      | o/a crecentense              |
| CUNTÍS        | o/a cuntiense                |

|                    |                                                   |
|--------------------|---------------------------------------------------|
| DOZÓN              | castrexo, castrexa; o/a castrense                 |
| ESTRADA, A         | o/a estradense                                    |
| FORCAREI           | o/a forcaricense                                  |
| FORNELOS           | o/a fornelense                                    |
| GONDOMAR           | gondomareño, gondomareña                          |
| CONCELLOS          | Xentilicios                                       |
| GROVE, O           | groveiro, groveira; o/a grovense                  |
| GUARDA, A          | guardés, guardesa                                 |
| ILLA DE AROUSA, A  | arousán, arousá; illeiro,                         |
| LALÍN              | o/a lalinense                                     |
| LAMA, A            | o/a lamense                                       |
| MARÍN              | o/a marinense                                     |
| MEAÑO              | meañés, meañesa                                   |
| MEIS               | meisiño, meisiña; o/a meisense                    |
| MOAÑA              | moañés, moañesa                                   |
| MONDARIZ           | o/a mondaricense                                  |
| MONDARIZ-BALNEARIO | o/a mondaricense                                  |
| MORAÑA             | morañés, morañesa                                 |
| MOS                | o/a mosense                                       |
| NEVES, AS          | o/a nevense                                       |
| NIGRÁN             | nigranés, nigranesa                               |
| OIA                | o/a oiense                                        |
| PAZOS DE BORBÉN    | o/a pacense                                       |
| POIO               | o/a poiense                                       |
| PONTEAREAS         | ponteareán, ponteareá                             |
| PONTE-CALDELAS     | pontecaldelán, pontecaldelá;<br>caldelán, caldelá |
| PONTECESURES       | cesureño, cesureña                                |
| PONTEVEDRA         | pontevedrés, pontevedresa;                        |
| PORRIÑO, O         | porriñés, porriñesa                               |

|                      |                                         |
|----------------------|-----------------------------------------|
| PORTAS               | o/a portense                            |
| REDONDELA            | redondelán, redondelá                   |
| RIBADUMIA            | o/a ribadumiense                        |
| ROSAL, O             | rosalés, rosalesa / rosaleiro,          |
| SALCEDA              | o/a salcedense                          |
| SALVATERRA           | o/a salvaterrense                       |
| SANXENXO             | sanxenxino, sanxenxina                  |
| SILLEDA              | o/a siiedense                           |
| SOUTOMAIOR           | o/a soutomaiorense                      |
| TOMIÑO               | tomiñés, tomiñesa                       |
| TUI                  | o/a tudense                             |
| VALGA                | vaigués, vaiguesa                       |
| VIGO                 | vigués, viguesa; olívico, olívica       |
| VILA DE CRUCES       | cruceño, cruceña                        |
| VILABOA              | vilaboés, vilaboesa                     |
| VLLAGARCÍA DE AROUSA | viiagarcíán, viiagarcía;                |
| VILANOVA DE AROUSA   | Arousán, arousá; vilanovés, vilanovesa; |